

XIV CONCURSO DE COMPOSICIÓN "MARTÍN CÓDAX" 2026



CSMV

CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DE VIGO

DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO

patrocinado por:



XIV CONCURSO DE COMPOSICIÓN

“MARTÍN CÓDAX”

2026

O Departamento de Composición do Conservatorio Superior de Música de Vigo convoca o XIII Concurso de Composición “Martín Códax”, que se celebrará na presente edición dentro do marco conmemorativo das “Letras Galegas 2026”.

BASES

1. A convocatoria está aberta a todo o alumnado que curse estudos nos conservatorios profesionais europeos sen que exista límite no número de obras presentadas.
2. As obras estarán escritas para voz e piano a partir dun texto en lingua galega. Deberán ser orixinais, inéditas e non interpretadas en audicións públicas.
3. A partitura, perfectamente lexible, presentarse co título e pseudónimo do autor. Enviarase un exemplar encadernado. Incluirase tamén un sobre pechado identificado externamente co título da obra e pseudónimo. No interior do sobre deberá constar o nome, apelidos, enderezo postal, teléfono, correo electrónico do autor e xustificante acreditativo de estar cursando estudos nun conservatorio profesional. Tamén se incluírá unha declaración asinada na que se manifieste que a obra presentada non foi editada nin estresada anteriormente nun concerto público, nin co título actual nin con outro.
4. O prazo de presentación das obras remata o **24 de abril de 2026**. A documentación será entregada por rexistro no Conservatorio Superior de Música de Vigo ou enviada por correo certificado a:
XIV Concurso de Composición “Martín Códax”
Departamento de Composición
Conservatorio Superior de Música de Vigo
Manuel Olivé, nº 23. 36203, Vigo.
5. O veredicto do xurado farase público na primeira quincena do mes de maio de 2026. O gañador será informado inmediatamente e os restantes participantes poderán coñecer o resultado a través da páxina web do Conservatorio Superior de Música de Vigo: csmvigo.com
6. Establécese un único premio que consistirá nun vale de compra de 250 €, a edición dixital da partitura na Editorial Dos Acordes e a entrega dun diploma acreditativo. O premio poderá declararse deserto se o xurado así o considera.
7. A estrea da obra galardonada terá lugar no Auditorio “Martín Códax” do Conservatorio Superior de Música de Vigo, en data a determinar.
8. Os autores das obras premiadas farán constar en gravacións, edicións e programas posteriores á obtención do premio o seguinte texto: *XIV Concurso de Composición “Martín Códax” – Conservatorio Superior de Música de Vigo*.
9. As partituras non premiadas poderán ser retiradas no Conservatorio Superior de Música de Vigo até o día 30 de xuño de 2026, mediante exhibición do resgardo do correo certificado ou rexistro, según proceda. Unha vez transcorrido o citado prazo, a organización do concurso declina toda a responsabilidade sobre a súa custodia e conservación.
10. O xurado será nomeado polo Departamento de Composición do Conservatorio Superior de Música de Vigo e as súas decisións serán inapelables.
11. A participación neste concurso supón a total aceptación das súas bases.